



ACTA nº 7 FASE DE OPOSICIÓN

Reunidos telematicamente, ás 11:00 horas do día 29 de abril de 2026, os integrantes do Tribunal cualificador, do procedemento de selección para a provisión, mediante oposición libre, de unha (1) praza de auxiliar administrativo/a, grupo C, subgrupo C2, escala de administración xeral, subescala administrativa. (BOP nº 219 14.11.2025), baixo a presidencia de dona Dona María Graciela Riveiro Moreira; e coa asistencia dos vogais: Don Vitor Recarei Añón, Don Gerardo Ulfe Calvo e Dona Yolanda González Rodríguez, actuando como secretaria dona María Luisa Sánchez Peñamaría, **quen dá fe do acto.**

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Con data 27.04.2026 e núm de rexistro de entrada 20269990001256 Dona María José Pardo Leis presenta alegacións en relación coas preguntas 4 e 5 do segundo exercicio.

Polo que se refire á pregunta número 4, a aspirante alega desconformidade cos criterios de corrección do Tribunal, solicitando unha puntuación máis alta a súa resposta, por considerala “breve, correcta, clara, concreta e concisa”

Respecto desta alegación, compre aclarar que o Tribunal decide puntuar os apartados correspondentes da pregunta dependendo da dificultade e especialidade dos mesmos.

Na alegación presentada non se está a reclamar unha maior puntuación na contestación realizada pola aspirante, se non que o que se está solicitando é un cambio nos criterios de valoración e puntuación da mesma, aprobados de maneira previa e consensuada polo Tribunal.

Polo que se decide non aceptar a alegación presentada, xa que os criterios de valoración son potestade inherente de dito Tribunal

Polo que se refire á pregunta número 5, a aspirante alega desconformidade coa puntuación recibida na definición de orzamento, xa que considera que a expresión empregada “Contraer obrigacións” entendese no contexto do paragrafo.

Así mesmo engade que polo que se refire aos documentos anexos ao expediente, no se ten en conta a resposta:

“Liquidación do presuposto vixente e detalle do novo a seis meses vista” así como “Anexo con beneficios fiscais e tributarios”

Revisado o exercicio, o Tribunal considera que non é necesaria a literalidade da Lei para expresar correctamente unha definición ou un concepto. Con todo hai palabras que son clave e só teñen unha forma de expresarse.

Na definición dos orzamentos das entidades locais, utilizouse a palabra “contraer” en lugar de “recoñecer”. As obrigacións recoñecidas é un termo moi preciso. As obrigacións contraídas non é sinónimo nin substituto das obrigacións recoñecidas.

Por outra banda, entre os documentos que haberán de unirse ao orzamento está a “Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente”.

Para sinalar este documento a aspirante indica: “Liquidación do orzamento vixente e detalle do novo a seis meses vista”

O exercicio vixente é o exercicio corrente e o exercicio novo presúmese que se refire ao exercicio que se vai a aprobar. O erro procede da confusión dos exercicios dos que hai que presentar a liquidación do orzamento

En canto ao “Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local”, non se refire aos beneficios fiscais que se prevexan obter, ao contrario, senón que se trata da repercusión que terá nos ingresos en canto a que eses beneficios fiscais poden supoñer unha minoración dos ingresos.

Aínda que se entende que hai un certo coñecemento da existencia destes documentos, a explicación dos mesmos non é correcta. **E por tanto as alegacións deben ser desestimadas.**

Con data 27.04.2026 e núm. de rexistro de entrada 20269990001253 Dona Isabel Saavedra Roel presenta alegacións en relación coas preguntas 1 e 4 do segundo exercicio.

Polo que se refire á pregunta número 1, a aspirante solicita reconto da puntuación obtida xa que a suma correcta é 2.375.

Revisado o exercicio detectase un erro na suma das puntuacións da pregunta número 1 e por tanto o Tribunal estima a alegación presentada modificando a puntuación, sendo a correcta 2.375.

Polo que se refire á pregunta núm 4, alega a aspirante, que non se lle valorou facer referencia a que “o informe de necesidade non é necesario en contratos de valor estimado que non exceda de 5000 €” sendo un dos criterios de corrección.



Revisado o exercicio, o artigo 118.5 no seu teor literal di: “5. Lo dispuesto en el apartado 2.o de este artículo no será de aplicación en aquellos contratos cuyo pago se verifique a través del sistema de anticipos de caja fija u otro similar para realizar pagos menores, siempre y cuando el valor estimado del contrato no exceda de 5.000 euros.”

A aspirante no seu exame redacta a continuación de un punto e sen facer referencia algunha a contratos abonados mediante anticipos de caixa fixa: “El informe de necesidad tampoco será necesario en los de valor igual o inferior a 5.000 euros”.

O Tribunal considera que coa redacción formulada, a aspirante, expresa que o informe de necesidade non é preciso nos contratos de menos de 5.000 euros, o cal non é correcto e por tanto **a alegación debe ser desestimada**.

2. RESULTADOS DEFINITIVOS DO SEGUNDO EJERCICIO:

Logo da resolución das alegacións, os aspirantes que superaron o segundo exercicio do proceso selectivo , son os seguintes:

Número de código	Puntuación
E001-07-0005	10,625
E001-07-0015	9,500
E001-07-0016	9,125
E001-07-0017	9,025
E001-07-0020	8,750
E001-07-0027	11,225
E001-07-0029	12,800
E001-07-0030	8,225

Persoas coa cualificación de **non aptos/as** ao non acadar a puntuación mínima esixida nas bases da convocatoria.

Número de código	Puntuación
E001-07-0001	1,450
E001-07-0002	4,550
E001-07-0003	2,600
E001-07-0004	2,350
E001-07-0006	7,050
E001-07-0007	1,450
E001-07-0008	6,300
E001-07-0009	1,650
E001-07-0010	2,850
E001-07-0011	2,550
E001-07-0012	6,600
E001-07-0013	2,200
E001-07-0014	2,875
E001-07-0018	3,675
E001-07-0019	2,850
E001-07-0021	5,250
E001-07-0022	5,475
E001-07-0023	1,550
E001-07-0024	1,200
E001-07-0025	1,425
E001-07-0026	3,850



E001-07-0028	2,050
E001-07-0031	2,325
E001-07-0032	5,275

3.APERTURA DOS SOBRES IDENTIFICATIVOS.

Coa finalidade de garantir o anonimato na realización e posterior corrección das persoas aspirantes, antes de comezar os exames repartíronse de maneira aleatoria uns códigos de identificación que foron depositados nun sobre. Procederáse, en acto público, á apertura dos mesmos o vindeiro martes 05.05.2026 na sede do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña as 11.00 h.

Os datos identificativos serán publicados no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña , así como na súa páxina web (<https://www.cciacoruna.com/noticia.php?noticia=276&idioma=gl>)

4.CONVOCATORIA TERCEIRO EXERCICIO.

Convocar a tódolos membros do tribunal e aos aspirantes que superaron o segundo exercicio para a realización do terceiro exercicio, conforme o establecido na base VII, que terá lugar **o xoves 7 de maio do 2026, ás 11:00 horas** na Sala de Formación da Biblioteca Provincial Deputación da Coruña (Riego de Auga 37 15001, A Coruña).

Para a realización do terceiro exercicio o Tribunal acorda nomear persoal asesor a D. José Luis Souto Zas, e persoal colaborador a Dna. Julia Seoane Mata (Servizo de informática da Deputación Provincial da Coruña)

A presidenta dá por terminada a reunión ás 12:15horas.